



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira 27/08/2018 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes **ó 4º bimestre do 2018**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/09/2018 e 31/10/2018 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/09/2018. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento (**no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia**) e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 30 de agosto de 2018.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga.

R. 2489

CERVANTES

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 26 de xullo de 2018 30 de maio de 2018, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 7/2018 do orzamento en vigor, na modalidade crédito extraordinario e suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais e baixas doutros créditos cuxo importe ascende a 73.320,97 € faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos do referido .

Coas modificacións de crédito xa aprobadas, e tendo en conta o presente expediente de modificación o resumo por capítulos do orzamento queda fixado como segue

ESTADO DE GASTOS

Capítulo 1: Gastos de persoal	666.029,03
Capítulo 2: Gastos en bens correntes e servizos ...	511.964,03
Capítulo 3: Gastos financeiros	20,00

Capítulo 4: Transferencias correntes	12.316,00
Capítulo 6: Investimentos reais	529.327,60
Capítulo 7: Transferencias de capital	2.000,00
Capítulo 9: Pasivos financeiros	0,00
TOTAL.....	1.721.656,60

Contra este acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 171.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición dese recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Cervantes, 30 de agosto de 2018.- O alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 2506

O CORGO

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral do exercicio económico 2017, cos estados e contas a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as regras 44 á 48 da Orde Ministerial HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local; e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 4 de setembro de 2018, expónse ao público cos documentos que a xustifican na Secretaría desta Entidade, por espazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que os interesados lexítimos poidan examinala e formular por escrito as reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes, durante o prazo de exposición e os oito días seguintes, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; regra 49.2 da Orde Ministerial HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, e o art. 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O Corgo, 4 de setembro de 2018.- O Alcalde, José Antonio Ferreiro González.

R. 2539

COSPEITO

Anuncio

Mediante Resolución de 30 de AGOSTO de 2018 o Sr Alcalde acordou, de conformidade co establecido nos artigos 47.2 e 44.1 e 2 do ROF:

- Delegar en D^a. Natividad Miguélez Castro, Primeira tenente de Alcalde, todas as competencias e funcións que ten atribuídas esta Alcaldía, para que poida proceder e substituílo os días 31 de agosto ao 14 de setembro de 2018.

Cospeito, 30 de agosto de 2018.- O Alcalde, Armando Castosa Alvareño.

R. 2490

A FONSAGRADA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN CON CARACTER TEMPORAL DUN/DUNHA MONITOR/A SOCIOCULTURAL E DE TURISMO

Por decreto de alcaldía de data 14 de xuño de 2018 aprobáronse as bases para a contratación temporal dun/dunha monitor/a sociocultural e de turismo.

Duración do contrato: Desde a súa formalización ata o 31/12/2018.

Horario: A fixar polos órganos de goberno tendo en conta o horario de apertura da Oficina de Turismo.

Sistema selectivo: Concurso de méritos e proba práctica

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de sete días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio. Se o último día coincidise en inhábil ou en sábado o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello da Fonsagrada deberá adiantarse por fax copia da instancia dentro do prazo de presentación das instancias.

Taxas por dereitos de exame: 15 € a ingresar na conta do Concello nº ES12 2080 0118 4331 1000 0028 (achegar coa solicitude o xustificante de pagamento).

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org).

A Fonsagrada, 29 de agosto de 2018.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 2491

GUITIRIZ

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA CONTA XERAL 2017

Formada e rendida a Conta Xeral correspondente ao orzamento 2017, e informada pola Comisión Especial de Contas na súa sesión celebrada o 5 de setembro de 2018, expónse ao público cos documentos que a xustifican, na Secretaría desta Corporación, durante quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP, durante os cales, e oito (8) máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 116 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases do réxime local, e o artigo 212.3 del Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e demais disposicións concordantes.

Guitiriz, 5 de setembro de 2018.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 2531

LÁNCARA

Anuncio

O Pleno do Concello de Lánacara en sesión ordinaria realizada o 26/07/2018 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 10/2018 do orzamento xeral do Concello de 2018. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 30/07/2018 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

Estado de ingresos:

Capítulo I	Impostos Directos.	581.066,75
Capítulo II	Impostos Indirectos.	25.000,00
Capítulo III	Taxas, Prezos P. e Outros Ing.	258.150,00
Capítulo IV	Transferencias Correntes.	1.076.759,09
Capítulo V	Ingresos Patrimoniais.	6.100,00
Capítulo VI	Alleamento de Inv. Reais	0,00
Capítulo VII	Transferencias de Capital.	327.697,85
Capítulo VIII	Activos financeiros	585.814,49
TOTAL INGRESOS		2.860.588,18

Estados do gastos:

Capítulo I	Gastos de Persoal	910.524,00
Capítulo II	Gtos. Bens Correntes e Serv.	1.057.932,11
Capítulo III	Gastos Financeiros.	4.700,00
Capítulo IV	Transferencias Correntes.	24.315,93
Capítulo VI	Investimentos Reais.	796.616,14
Capítulo VII	Transferencias de Capital.	36.000,00
Capítulo IX	Pasivos Financeiros	30.500,00
TOTAL GASTOS		2.860.588,18

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de dita Xurisdición.

Láncara, 31 de agosto de 2018.-O alcalde, Dario Antonio Prieto López.

R. 2492

Anuncio

O Pleno do Concello de Láncara en sesión ordinaria realizada o 26/07/2018 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 11/2018 con cargo ó superávit orzamentario para investimentos financeiramente sostibles. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 30/07/2018 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

Estado de ingresos:

Capítulo I	Impostos Directos.	581.066,75
Capítulo II	Impostos Indirectos.	25.000,00
Capítulo III	Taxas, Prezos P. e Outros Ing.	258.150,00
Capítulo IV	Transferencias Correntes.	1.076.759,09
Capítulo V	Ingresos Patrimoniais.	6.100,00
Capítulo VI	Alleamento de Inv. Reais	0,00
Capítulo VII	Transferencias de Capital.	327.697,85
Capítulo VIII	Activos financeiros	880.814,49
TOTAL INGRESOS		3.155.588,18

Estados do gastos:

Capítulo I	Gastos de Persoal	910.524,00
Capítulo II	Gtos. Bens Correntes e Serv.	1.057.932,11
Capítulo III	Gastos Financeiros.	4.700,00
Capítulo IV	Transferencias Correntes.	24.315,93
Capítulo VI	Investimentos Reais.	1.091.616,14
Capítulo VII	Transferencias de Capital.	36.000,00
Capítulo IX	Pasivos Financeiros	30.500,00
TOTAL GASTOS		3.155.588,18

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de dita Xurisdición.

Láncara, 31 de agosto de 2018.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2493

Anuncio

De conformidade co decreto de 3 de setembro faise pública a convocatoria para a selección de funcionario interino baixo a modalidade prevista no artigo 10.1 do RD Lex 5/2015, de 30 de outubro do TREBEP para a contratación dunha persoa técnico/a de orientación laboral do Concello de Láncara, grupo A2, CD 17.

A convocatoria e as bases aprobadas están colgadas na sede electrónica do Concello de Láncara na seguinte dirección <http://lancara.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 3 de setembro de 2018.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2516

MONDOÑEDO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO

Elena Candia López, Alcaldesa do Concello de Mondoñedo, no exercicio das funcións que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

O día 31 de xullo de 2018, o Pleno da Corporación aprobou inicialmente o expediente de depuración de saldos contables correspondentes a ingresos e gastos pendentes de aplicación, cuxa imputación orzamentaria se efectuará previa modificación de crédito -suplemento de crédito e crédito extraordinario - a financiar con remanente líquido de tesourería.

En consontes co disposto nos artigos 177 e 169 do TRLHL, mediante anuncio no BOP abriuse un prazo de información pública de quince días, a fin de que os interesados poidesen examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno.

Finalizado o prazo de información pública, constátase que non se presentou alegación ou suxerencia algunha, motivo polo cal procede elevar a definitiva a aprobación inicial.

Mondoñedo, 5 de setembro de 2018.- A Alcaldesa, María Elena Candia López.

ANEXO I

MODIFICACIÓN DE CRÉDITO, MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO, PARA FINANCIAR LA APLICACIÓN PRESUPUESTARIA DE GASTOS PENDIENTES DE APLICACIÓN CON CARGO A REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS

MODIFICACION	PROGRAMA	ECONOMICA	TOTAL
CRED. EXTRAOR.	153	619	1.230.296,08
CRED. EXTRAOR.	153	22199	5.396,41
CRED. EXTRAOR.	160	610	99.856,40
CRED. EXTRAOR.	231	48	34,78
CRED. EXTRAOR.	231	21300	458,20
CRED. EXTRAOR.	241	143	135.138,24
CRED. EXTRAOR.	337	609	8.805,26
CRED. EXTRAOR.	454	619	114.165,62
CRED. EXTRAOR.	920	16009	2.351,36
CRED. EXTRAOR.	942	462	1.897,55

CRED. EXTRAOR.	1621	22199	569,70
Total CRED. EXTRAOR.			1.598.969,60

ANEXO II

MODIFICACIÓN DE CRÉDITO, MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO, PARA FINANCIAR LA APLICACIÓN PRESUPUESTARIA DE GASTOS PENDIENTES DE APLICACIÓN CON CARGO A REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS

MODIFICACION	PROGRAMA	ECONOMICA	TOTAL
SUPLEMENTO	150	22706	2.184,63
SUPLEMENTO	153	210	13.565,04
SUPLEMENTO	165	21300	0,20
SUPLEMENTO	165	22100	9.603,19
SUPLEMENTO	231	22104	7.239,28
SUPLEMENTO	231	22699	7.874,71
SUPLEMENTO	231	23120	14,48
SUPLEMENTO	323	22100	4.761,69
SUPLEMENTO	323	22699	385,34
SUPLEMENTO	326	22100	2.017,76
SUPLEMENTO	334	22609	16.332,31
SUPLEMENTO	334	22699	0,09
SUPLEMENTO	341	22106	7.095,88
SUPLEMENTO	341	22699	0,57
SUPLEMENTO	454	20200	180,87
SUPLEMENTO	454	21300	1.773,80
SUPLEMENTO	454	22111	318,87
SUPLEMENTO	912	22601	148,30
SUPLEMENTO	912	23100	58,08
SUPLEMENTO	920	13100	779,62
SUPLEMENTO	920	22000	911,80
SUPLEMENTO	920	22200	385,91
SUPLEMENTO	920	22201	0,99
SUPLEMENTO	920	22400	0,03
SUPLEMENTO	920	22500	111,97
SUPLEMENTO	920	22604	6.500,60
SUPLEMENTO	920	22699	296.006,60
SUPLEMENTO	920	22799	5.580,00
SUPLEMENTO	934	35900	98,11
SUPLEMENTO	1621	22799	1.307,77
SUPLEMENTO	1623	22799	17.912,76
SUPLEMENTO	3321	22103	740,00
SUPLEMENTO	4312	22699	2.170,15
Total SUPLEMENTO			406.061,40

O presente acto pon fin á vía administrativa, e poderá ser recurrido directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses.

Asínao; A Alcaldesa

R. 2530

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio*

Publicado no Boletín Oficial da Provincia número 182 de data 9 de agosto de 2018 o anuncio referente á exposición ao público do expediente de modificación de crédito 37/2018 mediante a modalidade de suplemento de crédito, aprobado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2018 e transcorrido o prazo da citada exposición sen presentarse reclamacións, conforme ao artigo 38 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, enténdese definitivamente aprobado.

Contra a aprobación definitiva do expediente poderá interporse directamente Recurso Contencioso-Administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Resumo da modificación:

CAPÍTULOS DE INGRESOS	Importe
VIII	17.359,71
CAPÍTULOS DE GASTOS	Importe
VI	17.359,71

Monforte de Lemos, 3 de setembro de 2018.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 2507

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de agosto de 2018, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xuño de 2018, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 28 de agosto de 2018.- Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 2494

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de agosto de 2018, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2018, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 28 de agosto de 2018.- Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 2495

SAMOS*Anuncio*

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 03.05.2018 o padrón municipal da Taxa por subministro de auga e canon da auga a Samos e parroquias limítrofes, correspondente ao 2º trimestre de 2017, expónse ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este sen presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.

O cobro do mesmo realizarase mediante cargo na conta bancaria respectiva, para aqueles que o teñan domiciliado, e mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello no Banco Pastor, noutro caso.

Fixase como período de cobro en voluntaria o prazo de dous meses dende o día seguinte a finalización da exposición desta publicación no BOP.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recadación.

Samos, 30 de agosto de 2018. O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 2496

O SAVIÑO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario data 12 de xuño de 2018 sobre o expediente de modificación de créditos n.10/2018 na modalidade de crédito extraordinario, que se fai público resumido por capítulos:

ESTADO DE GASTOS		
	CRÉDITOS INICIAIS	CRÉDITOS DEFINITIVOS
Capítulo 1: Gastos de persoal	524.649,78	524.649,78
Capítulo 2: Compra de bens e servizos	1.803.500,00	2.012.560,52
Capítulo 3: Gastos financeiros	4.000,00	4.000,00
Capítulo 4: Transferencias correntes	87.700,00	87.700,00
Capítulo 5: Fondo de continxencia e outros	0,00	0,00
Capítulo 6: Investimentos reais	94.600,00	515.540,00
Capítulo 7: Transferencias de capital	0,00	0,00
Capítulo 8: Activos financeiros	0,00	0,00
Capítulo 9: Pasivos financeiros	0,00	0,00

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

De conformidade co establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

O Saviño, 31 de agosto de 2018.- O Alcalde, Joaquín González González.

R. 2497

XERMADE

Anuncio

establecemento prezos públicos XV Festa das Persoas Maiores

En cumprimento do disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por Decreto da Alcaldía núm.358/2018 de data 30 de agosto de 2018 aprobose o establecemento dos prezos públicos pola asistencia á XV Festa das Persoas Maiores, co seguinte detalle:

- 10 € para persoas empadroadas no Concello
- 20 € para persoas non empadroadas no Concello

Xermade, a 30 de agosto de 2018.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2498

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ

Anuncio

Mediante Resolución de 30 de agosto do 2018 o Sr Presidente acordou, de conformidade co establecido nos artigos 47.2 e 44.1 e 2 do ROF:

Delegar en D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Vicepresidente da Mancomunidade todas as competencias e funcións que ten atribuídas esta Alcaldía, para que poida proceder e substituílo os días sinalados no período comprendido entre o 31 de agosto ate o 14 de setembro do 2018.

Cospeito, 30 de agosto de 2018.- Presidente da Mancomunidade, Armando Castosa Alvariño.

R. 2499
